

**BOLETALES E.-J. GILBERT RECOLLIDOS NO CAMPUS
UNIVERSITARIO DE VIGO (PONTEVEDRA)**

por

S. ROJO¹, G. PÉREZ-TORRÓN² & M.L. CASTRO³

ROJO, S., PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2017. *Boletales* E.-J. Gilbert recollidos no Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). *Mykes* 20: 13-24.

Resumo

Neste artigo cítanse, como contribución ao catálogo macromicolóxico do Campus Universitario de Vigo, 14 taxons de *Boletales* porados e laminados, recollidos nas Lagoas Marcosende (Vigo).

Palabras clave: *Boletales*, Campus Universitario de Vigo, micobiota, Galicia.

ROJO, S., PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M.L. 2017. *Boletales* E.-J. Gilbert collected from University Campus of Vigo (Pontevedra). *Mykes* 20: 13-24.

Summary

This paper lists 13 pored and laminated *Boletales* taxon that were collected in the Lagoas Marcosende (Vigo) as a contribution to the macromycological catalogue of the University Campus of Vigo.

Keywords: *Boletales*, University Campus of Vigo, micobiota, Galicia.

INTRODUCCIÓN

O Campus As Lagoas-Marcosende da Universidade de Vigo (CUVI) sitúase na ladeira sur da conca alta do río Zamáns, montes de Marcosende (29TNG2668), entre os 390 e os 485 m sobre o nivel do mar, e ocupa unha extensión aproximada de 138 ha (OMA, 2007).

Trátase dunha zona con abundante presenza de auga, en boa medida procedente das enxurradas, así como pola existencia de acuíferos subterráneos, o que supón un nivel freático próximo á superficie, con zonas de acumulación cando o terreo é máis chairo. De feito, o

Facultade de Bioloxía, Campus Lagoas-Marcosende. E-36310-Vigo.

¹e-mail: sergio.rojo.martinez@gmail.com; ²e-mail: gabivacaloura@gmail.com; ³e-mail: lcastro@uvigo.es

topónimo “Lagoas” provén da acumulación de auga e a formación de pequenas pozas, o que levou a que estes terreos estivesen poboados desde o século II a. C. (RODRÍGUEZ & RUBIDO, 2005).

O bioclima do Campus, pode clasificarse entre o tépedo típico e o submediterráneo, influenciado pola súa proximidade ao mar (RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007).

Ata 1991, a vexetación do Campus estaba composta por turbeiras incipientes (brañas) acompañadas por queirugas (*Erica* sp. pl.) e toxos (*Ulex* sp. pl.), con exemplares illados de *Pinus nigra* J.F. Arnold e pequenos rodais de *Pinus pinaster* Aiton. A partir deste ano, as obras de construción dos edificios do Campus fixeron que a paisaxe sufrise cambios importantes, resultado dos movementos de terras e a compactación producida polo emprego de maquinaria pesada (OMA, 2007). No ano 1994 talláronse os piñeiros practicamente na súa totalidade.

En 2001 a Universidade comezou o Plan de Revexetación e deseñáronse itinerarios ambientais (RODRÍGUEZ & RUBIDO, 2005). Plantáronse máis de 15 000 árbores e arbustos nunha superficie de 80 ha. Con estas plantas leñosas tentouse reforzar a presenza de especies espontáneas e recrear novas formacións vexetais naturais de Galicia: carballeira galaico-portuguesa, sobreiral, devesa, soutos e ripisilvas (NIETO & MARTÍNEZ, 2003).

Ademais, persiste unha importante extensión de matogueiras secas e húmidas atlánticas (OJEDA, 2009a, 2009b); así como prados (3 ha) orixinados polo home e conservados mediante sega e pastoreo (NIETO & MARTÍNEZ, 2003).

As zonas axardinadas próximas aos edificios suman un total de 66 ha, que presentan un número elevado de especies leñosas ornamentais representadas por 123 taxons (ROJO, 2016).

Toda esta diversidade vexetal leva asociada unha rica micobiota, que durante estes dous anos decidimos abordar como continuación e revisión dos traballos comezados por CASTRO *et al.* (1997).

METODOLOXÍA

A recolección do material estudado segue o patrón metodolóxico habitual nos estudos macromicolóxicos (BAS *et al.*, 1988). A zona de estudo foi visitada semanalmente no período temporal comprendido entre os meses de setembro do 2016 e xuño do 2017.

Para a identificación das especies empregáronse obras de carácter

xeral como BREITENBACH & KRÄNZLIN (1991), COURTECUISSÉ & DUHEM (2005), e as monografías de ALESSIO (1985, 1991), MUÑOZ (2005) e LADURNER & SIMONINI (2003), entre outras, que se mencionan nos comentarios das especies.

O material, previamente tipificado e etiquetado, está incluído na micoteca LOU-Fungi (CIFA de Lourizán, Pontevedra).

No catálogo de especies, ademais do nome actualizado por INDEX FUNGORUM (en liña) mediante o protólogo nomenclatural, indícase o material estudado e a súa coroloxía a nivel mundial (GBIF, en liña), Península Ibérica e Galicia. Nalgúns casos inclúense tamén observacións que axudan a caracterizar o taxon.

CATÁLOGO DE ESPECIES

No catálogo figuran as especies por orde alfabética. Exclúese o gasteromiceto *Astraeus hygrometricus* (Pers.) Morgan, pertencente a orde *Boletales* E.-J. Gilbert (CANNON & KIRK, 2007), pero que figura no catálogo de basidiomicetos con himenio interno, publicado por PÉREZ-TORRÓN *et al.* (2017).

***Boletus edulis* Bull., Herb. Fr. (Paris) 2: tab. 60 (1782)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Quercus robur*, 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20742.

Aparece dende o verán ata finais do outono, e nos invernos suaves pode aparecer algún que outro exemplar. Asíciase tanto a frondosas como a coníferas, en solos acedos (MUÑOZ, 2005).

Común no Hemisferio Norte (GBIF, en liña, nº 5954958), tamén na Península Ibérica, especialmente na metade norte (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007). Frecuente en Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Boletus ferrugineus* Schaeff., Fung. bavar. palat. nasc. (Ratisbonae), 4: 85 (1774)**

≡ *Xerocomus ferrugineus* (Schaeff.) Alessio, *Boletus* Dill. ex L. (*Saronno*): 282 (1985)
Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Quercus robur*, 10-XI-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20743.

Moi semellante macro e microscopicamente a *Boletus subtomentosus*, do que foi considerado unha variedade (ALESSIO, 1985), non obstante, segundo este autor diferénciase dese taxon pola ausencia de cores oliváceas no carpóforo, por presentar pequenas estrías pseudoreticuladas na cima do estipe, e polo micelio amarelo na base segundo MUÑOZ *et al.* (2008) e as esporas na colección estudada mostran un $Q_m = 2,61$.

Frutifica dende primavera ata o outono, asociado tanto a árbores planifolias como a coníferas (ANDRÉS *et al.*, 1999), aínda que parece preferir altitudes medias e baixas (LADURNER & SIMONINI, 2003).

Atópase xeorreferenciado en case toda Europa e Norte América (GBIF, en liña, nº 5954976). En Galicia é observado nas catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Boletus subtomentosus* L., Sp. pl., 2: 1178 (1753)**

≡ *Xerocomus subtomentosus* (L.: Fr.) Quél., *Fl. Mycol. France*: 418 (1888)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Quercus robur*, 17-XI-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20744.

A trama amarela baixo a cutícula e a ausencia de micelio amarelo na base do estipe, distíngueno de *Boletus ferruginascens* (LADURNER & SIMONINI, 2003) e as esporas na colección estudada mostran un $Q_m = 2,38$.

Presenta hábitat e fenoloxía semellantes ao anterior taxon, pero é moito máis frecuente. É común no Hemisferio Norte (GBIF, en liña, nº 2519457); ten ampla distribución tamén na Península Ibérica e Illas Baleares (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007) e é cosmopolita en Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Chroogomphus rutilus* (Schaeff.) O.K. Mill., Mycologia, 56(4): 543 (1964)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Pinus pinaster*, 24-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20745.

Este taxon frutifica de finais de verán ata o inverno, e micorriza unicamente con especies do xénero *Pinus* de dúas acículas (WATLING & HILLS, 2005, ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007).

Presente en Europa e América do Norte (GBIF, en liña, nº 8818787); distribuído por toda a Península Ibérica e Illas Baleares (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007). En Galicia é a especie máis común do xénero, está presente nas catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Hortiboletus rubellus* (Krombh.) Simonini, Vizzini & Gelardi, Index Fungorum, 244: 1 (2015) [Fig. 1-3]**

≡ *Xerocomus rubellus* (Krombh.) Šutara, *Czech Mycol.*, 60(1): 50 (2008)

= *Xerocomus versicolor* E.-J. Gilbert, *Les Livres du Mycologue, Tome III: Les Bolets*: 138 (1931)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, bosque mixto *Quercus robur*, *Castanea sativa* e *Pinus pinaster*, sobre piña, 26-IX-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20755; *Ibidem*, sobre humus, 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20756; *Ibidem*, 26-XI-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20757.



Fig. 1. *Hortiboletus rubellus* (LOU-Fungi 20755).



Fig. 2. *Hortiboletus rubellus*
(LOU-Fungi 20756).



Fig. 3. *Hortiboletus rubellus* (LOU-Fungi 20757).

Os basidiomas deste taxon son moi polimorfos, tanto na morfoloxía como na coloración do píleo, que vai dende pardo-vermello a vermello intenso. O estipe é amarelo, nos exemplares vellos vaise tinguido de vermello a partir da base, e azulea de forma clara, aínda que lixeiramente. A trama na base do pé tamén é vermella intensa. Non obstante, a pileípele tipo tricoderme, ás veces coas células terminais un pouco ensanchadas (colección LOU-Fungi 20755) e as esporas, subfusiformes, de (9) 10-12 x (3,5) 4-5 μm permiten incluír, seguindo o criterio de LADURNER & SIMONINI (2003), as tres coleccións neste taxon.

A colección LOU-Fungi 20757 está formada por dous exemplares connados na base do pé [Fig. 2] e a LOU-Fungi 20756, agroma entre unha piña bastante deteriorada [Fig. 3].

Está amplamente xeorreferenciado para Europa, pero tamén se coñece en América do Norte e Asia (GBIF, en liña, n°2519436) sendo raro na Península Ibérica (MUÑOZ, 2005). En Galicia aparece rexistrado nas catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Hygrophoropsis aurantiaca* (Wulfen) Maire, *Empois. Champ.*: 99 (1921)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Quercus robur*, 27-IX-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20746.

Este boletal laminado aparece en Galicia dende a primavera ata entrado o inverno, como saprófita húmicola, máis rara lignícola, asociada a coníferas ou a árbores caducifolias (CASTRO, 1985).

Foi observado en todos os continentes (GBIF, en liña, nº 2525710) e é abundante en toda a Península Ibérica (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007). En Galicia está rexistrado nas catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Imleria badia* (Fr.) Vizzini, *Index Fungorum*, 147: 1 (2014)**

≡ *Xerocomus badius* (Fr.) E.-J. Gilbert, *Les Livres du Mycologue, Tome III: Les Bolets*: 92 (1931)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, vexetación mixta (*Quercus robur* e *Pinus pinaster*), 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20747.

Aparece no verán e só deixa de frutificar cando chega o frío do inverno. En Galicia prefere micorrizar coníferas (CASTRO, 1985), e dun modo moito máis raro en árbores caducifolias (FERNÁNDEZ & RODRÍGUEZ, 2000).

Cosmopolita en Europa e América do Norte, atópase tamén en Asia (GBIF, en liña, nº 7480626, sub *Boletus badius*). Taxon especialmente abundante no norte da Península Ibérica, así como en Galicia, nas catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Lanmaoa fragrans* (Vittad.) Vizzini, Gelardi & Simonini, *Index Fungorum*, 235: 1 (2015) [Fig. 4]**

≡ *Boletus fragrans* Vittad., *Descr. fung. mang. Italia*: 153 (1835)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Quercus robur*, 11-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20748.

Trátase dunha especie de tendencia termófila, frutifica baixo frondosas (FERNÁNDEZ & RODRÍGUEZ, 2000; ALONSO, 2014).

É un taxon pouco frecuente (BON, 2001), aínda que amplamente distribuído na Europa occidental (GBIF, en liña, nº 5954912, sub *Boletus fragrans*). En Galicia aparece nas catro provincias,



Fig. 4. *Lanmaoa fragrans* (LOU-Fungi 20748).

pero é máis frecuente en Pontevedra (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Leccinum scabrum* (Bull.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl. (London)*, 1: 647 (1821)
Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Betula* sp., 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20749.

Trátase dunha especie facilmente confundible con outras do mesmo xénero, tanto polos seus caracteres macroscópicos como pola súa fenoloxía e coroloxía. Frutifica no verán e outono, como micorriza de bidueiros (MUÑOZ, 2000).

É frecuente no Hemisferio Norte, aínda que debido á dificultade para diferenciar os taxons dentro deste grupo, resulta difícil establecer con precisión a súa distribución (GBIF, en liña). En Galicia está mencionada para as catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Leccinum variicolor* Watling**, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 24: 268 (1969)
Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Betula* sp., 17-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20750.

Ao igual que a especie anterior é moi variable morfoloxicamente, pero se caracteriza ben macroscopicamente pola coloración azul turquesa da base do estipe (LANNON & ESTADES, 1995).

Especie outonal, micorrizóxena de bidueiros (*Betula* sp. pl.), con presenza rexistrada en América do Norte, Europa e Asia (STASIŃSKA & SOTEK, 2014; GBIF, en liña, nº 2524553). Común en España (MUÑOZ,



Fig. 5. *Neoboletus erythropus*
(LOU-Fungi 20751).

2000), en Galicia coñécese das catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Neoboletus erythropus* (Pers.) C. Hahn**, *Mycol. bavarica*, 16: 132 (2015) [Fig. 5]

≡ *Boletus erythropus* Pers., *Observ. Mycol. (Lipsiae)*, 1: 23 (1796)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo planifolias, 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20751.

A forte tinguidura azul da trama e dos poros, así como as tonalidades vermellas e o estipe coa superficie granulada de vermello fan deste boleto un taxon inconfundible.

Frutifica dende finais da primavera ata o outono, tanto baixo árbores caducifolias como coníferas. Ten ampla distribución polo Hemisferio Norte (GBIF, en liña, nº 5954924), tamén na Península e Illas Baleares (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007), incluída Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Paxillus involutus* (Batsch) Fr.**, *Epicr. syst. mycol. (Upsaliae)*: 317 (1838)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo planifolias, 4-X-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20752.

Cogomelo laminado, incluído entre os Boletales dende antigo, frutifica de verán a outono, como micorrizóxeno de árbores caducifolias



Fig. 6. *Rheubarbariboletus armeniacus* (LOU-Fungi 20753).

e coníferas. Trátase dun dos cogomelos máis frecuentes de Galicia (FREIRE, 1982).

Tamén está amplamente distribuído por todo o Hemisferio Norte, incluída a Península Ibérica (GBIF, en liña, nº 309735).

***Rheubarbariboletus armeniacus* (Quél.) Vizzini, Simonini & Gelardi in Vizzini, *Index Fungorum*, 244: 1 (2015) [Fig. 6]**

≡ *Xerocomus armeniacus* (Quél.) Quél., *Fl. mycol. France* (Paris): 419 (1888)

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo planifolias (*Quercus robur* e *Corylus avellana*), 26-IX-2016, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20753.

Aparece dende o verán ata o outono, incluso a principios de inverno, baixo árbores caducifolias, dun modo máis raro baixo coníferas (LADURNER & SIMONINI, 2003).

Trátase dun taxon estendido, aínda que non frecuente, polo norte e centro de Europa (GBIF, en liña, nº 5954935). É ocasional na península Ibérica (ESTEVE-RAVENTOS *et al.*, 2007). En Galicia é raro, a pesar de que se coñece das catro provincias (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2016).

***Suillus bovinus* (L.) Roussel, *Fl. Calvados*: 34 (1796)**

Pontevedra, Vigo, CUVI, 29TNG2668, baixo *Pinus pinaster*, 9-II-2017, leg. G. Pérez-Torrón e S. Rojo, LOU-Fungi 20754.

Presenta cutícula moi viscosa, de cor pardo claro e marxe delgada, lixeiramente branca ou violácea. Trátase dun taxon extremadamente común nas plantacións de coníferas galegas.

Ten ampla distribución en Europa e América del Norte, onde é frecuente, ao igual que na Península Ibérica (GBIF, en liña, nº 113541137) e Galicia (CASTRO, 1985).

AGRADECEMENTOS

A todos os membros do Laboratorio de Micología, especialmente a Hugo Fernández-Ricón, polo seu apoio no traballo de laboratorio.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALESSIO, C.L. 1985. *Boletus* Dill. ex L. (sensu lato) in *Fungi Europaei* 2. Saronno. Libreria editriche Biella Giovanna.
- ALESSIO, C.L. 1991. Suplemento a *Boletus* Dill. ex L in *Fungi Europaei* 2A. Saronno. Libreria editriche Biella Giovanna.
- ALONSO DÍAZ, J. 2014. Biodiversidade fúnxica da Reserva da Biosfera Terras do Miño: O xénero *Boletus* L. no municipio de Lugo. *Micolucis*, 1: 5-17.
- ANDRÉS RODRÍGUEZ, J., LLAMAS FRADE, B., TERRÓN ALFONSO, A., SÁNCHEZ

- RODRÍGUEZ, J.A., GARCÍA PRIETO, O., ARROJO MARTÍN, E. & PÉREZ JARAUTA, T. 1999. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. León. Celarayn.
- BAS, C., KUYPER, TH.W., NOORDELOOS, M.E. & VELLINGA, E.C. (eds.). 1988. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*. Vol. 1. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- BON, M. 2001. Les Bolets. *Doc. mycol., mém. hors série* 6: 1-175.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie. Strobilomycetaceae et Boletaceae, Paxillaceae, Gomphidiaceae, Hygrophoraceae, Tricholomataceae, Polyporaceae (lamellées)*. Lucerne. Mykologia.
- CANNON, P.F. & KIRK, P.M. 2007. *Fungal families of the world*. Cambridge. CABI International.
- CASTRO, M.L. 1985. *Macromicetos de pinares gallegos*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela.
- CASTRO, M.L., COMESAÑA, P. & PARDO, A. 1997. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 5726-5737. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 55(1): 140.
- COURTECUISE, R & DUHEM, B 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y el norte de África*. Barcelona. Omega.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLITOSELLA, J. & ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Madrid. Ediciones Jaguar.
- FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN, F.J. & RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, A. 2000. *Os cogumelos nos ecosistemas forestais galegos*. Vigo. Edicións Xerais.
- FREIRE, L. 1982. *Macromicetos de la Selva Negra (Santiago)*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela.
- GBIF, en liña. Global Biodiversity Information Facility. In: www.gbif.org/species [Consultado: 8-VII-2017].
- INDEX FUNGORUM, en liña. Base de datos. In: www.indexfungorum.org/names/names.asp [Consultado: 5-VII-2017].
- LADURNER, H. & SIMONINI, G. 2003. *Xerocomus s.l. Fungi Europaei* 8. Alassio. Edizioni Candusso.
- LANNOY, G. & ESTADES, A. 1995. *Monographie des Leccinum d'Europe*. La Rochesur-Foron (Haute Savoie). Chevallier Imprimeurs.
- MUÑOZ, J.A. 2000. El género *Leccinum* S.F. Gray en el Norte de España In: *Fungi non Delineati. Pars XIII*. Alassio. Libreria Myckoflora.
- MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. Fungi Europaei* 2. Alassio. Edizioni Candusso.
- MUÑOZ, J.A., CADIÑANOS AGUIRRE, J.E. & FALGO, E. 2008. Contribución al catálogo corológico del género *Xerocomus* en la Península Ibérica. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 32: 39-67.
- NIETO ROMÁN, A. & MARTÍNEZ LEYENDA, P. 2003. *Guía da Natureza: Campus Marcosende*. OMA. Universidad de Vigo.
- OJEDA, F. 2009a. 4020 Brezales húmedos atlánticos de *Erica ciliaris*. In: *Bases ecológicas preliminares para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España*. Madrid. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.
- OJEDA, F. 2009b. 4030 Brezales secos europeos. In: *Bases ecológicas preliminares*

- para la conservación de los tipos de hábitat de interés comunitario en España.* Madrid. Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.
- OMA 2007. *Dossier Campus Verde*. Oficina de Medioambiente. Universidad de Vigo (inédito).
- PÉREZ-TORRÓN, G., ROJO, S. & CASTRO, M.L. 2017. Gasteromicetos recollidos no Campus Universitario de Vigo (Pontevedra). *Mykes*, 20: 25-37.
- RODRÍGUEZ GUITIÁN, M.A. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais*, 1(3): 31-53.
- RODRÍGUEZ GUNTÍN, I. & RUBIDO BARÁ, M. 2005. *Universidade é natureza: Itinerarios guiados polos hábitats do Campus de Vigo*. OMA. Universidad de Vigo.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2016. *Micobiota galega, 1867-2015 (Ascomycota, Basidiomycota)*. Documento preliminar para a base de datos micolóxica galega MICBIOTAGALICIA.MDB. Ed. Grupo Micológico Galego. Disponible en: www.mykes.es/.../micbiotagalega18672015.pdf [Consultado: 16-VI-2017].
- ROJO MARTÍNEZ, S. 2016. Estudio de la flora leñosa del Campus Universitario de Vigo. *Revbiga*, 8: 111-121.
- STASIŃSKA, M. & SOTEK, Z. 2014. *Leccinum variicolor (Basidiomycota, Boletales)* in Poland. *Acta Mycol.*, 49(1): 69-78.
- WATLING, R. & HILLS, A.E. 2005. Boletes and their allies. *Boletaceae, Strobilomycetaceae, Gyrosporaceae, Paxillaceae, Coniophoraceae, Gomphidiaceae*. Revised and enlarged edition. In: D.M. Henderson & R. Watling, *British Fungus Flora Agarics and Boleti* 1. Edinburgh. Royal Botanic Garden.